

**2.11 ORDENANZA REGULADORA  
DA TAXA POR ENTRADA DE  
VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS  
BEIRARRÚAS**

**RIBADUMIA**

## Primeiro. Tarifa.

	Pesetas por m2 y año	
	Suelo urbano	Suelo rústico
Por metro cuadrado y año	4.150.....	1.556

Ós efectos previstos para a aplicación da Tarifa anterior, teráse en conta o seguinte:

4. Se o número de metros cadrados do aproveitamento non fose enteiro, redondearase por exceso para obter a superficie ocupada.

5. Sé como consecuencia da colocación de elementos auxiliares delimitase unha superficie maior á ocupada polos materiais obxecto da autorización, tomarase aquéla como base de cálculo.

Segundo. Data de aprobación: 29 de outubro de 1998.

**VILABOA**

## Primeiro.- Tarifa

a) Primeira semán, por m2 e día .....	20 ptas
b) Primeiro mes, por m2 e día .....	25 ptas
c) Un ano, por m2 e día .....	50 ptas

## Segundo.- Outras normas especiais de xestión:

De conformidade co prevenido no art. 46 da Lei 39/88 de 28 de decembro, cando con ocasión dos aproveitamentos regulados neste acordo se produxesen desperfectos no pavimento ou instalacións da vía pública, os titulares das licencias ou os obrigados ó pago quedarán suxectos ó reintegro total dos gastos de reconstrución e reparación de tales desperfectos ou reparar os danos causados, que serán, en todo caso, independentes dos dereitos liquidados polos aproveitamentos realizados.

Terceiro.- Data de aprobación: 5 de outubro de 1998

**VILANOVA DE AROUSA**

## Primeiro. Tarifa.

- Ocupación da vía pública con vaías de cerramento para calquera clase de obra, por metro cadrado e mes .....	140 ptas
- Idem con materiais para obras, por cada metro cadrado nos cascos urbanos, previa sinalización do lugar polas autoridades municipais, por metro cadrado e día .....	50 ptas
- Idem con grúas e plumas:	
- As instaladas dentro das obras, con voo sobre a vía pública, por cada aparato ó mes ou fracción .....	2.000 ptas
- As instaladas na vía pública, por cada unha ó mes ou fracción .....	6.000 ptas
- As instaladas na calzada .....	10.000 ptas

Segundo. Data de aprobación: 20 de Outubro de 1998.

## ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR ENTRADAS DE VEHÍCULOS A TRAVÉS DAS BEIRARÚAS E RESERVAS DE VÍA PÚBLICA PARA APARCAMENTO EXCLUSIVO, PARADA DE VEHÍCULOS, CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS DE CALQUERA CLASE

**Artigo 1º. Natureza e fundamento**

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución, polo artigo 106 da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e os artigos 20 e 58 da Lei 39/88, de 28 de decembro, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 da Lei 39/88, de 28 de decembro, acorda a imposición e ordenación da Taxa por entradas de vehículos a través das beiravías e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase e outros usos similares.

**Artigo 2º. Feito imponible**

Constitúen o feito imponible da Taxa a utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público municipal con entradas de vehículos a través das beiravías e reservas de vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase e outras reservas análogas.

**Artigo 3º. Suxeitos pasivos**

Serán suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da Lei xeral tributaria que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local en beneficio particular, cunha excepción dos supostos citados no artigo segundo.

- Serán suxeitos pasivos substitutos do contribuínte desta taxa os propietarios dos terreos e locais ós que den acceso a estas entradas de vehículos, os cales poderán repercutir, no seu caso, as cotas sobre os respectivos beneficiarios.

#### Artigo 4º. Responsables

- Serán responsables solidarias das obrigas tributarias dos suxeitos pasivos as persoas físicas e xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da Lei xeral tributaria.

- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebradas, concursos, sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da Lei xeral tributaria.

#### Artigo 5º. Cota tributaria

A cota desta taxa será a que figura no anexo desta ordenanza.

#### Artigo 6º. Beneficios fiscais

Só se admitirán os beneficios que veñan establecidos nas normas con rango de lei ou deriven de tratados ou acordos internacionais.

#### Artigo 7º. Devengo.

Devéngase a taxa e nace a obriga de contribuír:

- Nos servizos de retribución puntual, no momento de presentarse a solicitude de concesión ou autorización do aproveitamento.

- Nos servizos de retribución periódica, devengarase a taxa o día primeiro de cada ano natural.

#### Artigo 8º. Liquidación

- Cando se trate de servizos puntuais, liquidarase e esixirase a taxa correspondente en calidade de depósito previo, en todo caso antes de iniciarse o expediente de concesión ou autorización do aproveitamento solicitado.

- Cando se trate de servizos de retribución periódica, liquidarase a taxa nos períodos que se sinalen na tarifa da taxa ou co padrón anual de exaccións municipais.

- Se se realiza o aproveitamento ou utilización do dominio público municipal sen mediar concesión ou autorización, liquidarase e notificarase a débeda, esixindo o ingreso nos prazos previstos no Regulamento xeral de recadación para a liquidación de contraído previo, sen prexuízo de abri-lo oportuno expediente sancionador por infracción tributaria.

#### Artigo 9º. Ingreso

O pagamento desta taxa realizarase:

- Nas liquidacións de contraído previo, na Tesourería municipal ou nas entidades financeiras que na notificación se sinalen. En todo caso, o ingreso será anterior ó inicio do expediente de concesión ou autorización do aproveitamento interesado.

- Nas liquidacións por recibo ou padrón, nas datas e entidades financeiras ou oficinas que se sinalen no edicto de exposición pública do padrón.

#### Artigo 10º. Infraccións e sancións

Nesta materia estarase ó disposto na Lei xeral tributaria e normativa de desenvolvemento.

#### Artigo 11º. Normas de xestión

- As persoas ou entidades interesadas na concesión ou autorización para realiza-los aproveitamentos sobre o dominio público municipal a que fai referencia esta taxa deberán presentar unha solicitude achegándolle o plano, o detalle da superficie do aproveitamento e da súa situación dentro do termo municipal. Antes da autorización ou concesión do aproveitamento, a persoa ou entidade interesada no aproveitamento aboará o importe da taxa en calidade de depósito previo.

- No caso de denegarse as autorizacións, os interesados poderán solicita-la devolución da taxa ingresada en calidade de depósito previo.

- Unha vez autorizada ou concedida a licenza de aproveitamento entenderase prorrogada mentres non presente a declaración de baixa o interesado.

- Cando remate o aproveitamento, os suxeitos pasivos formularán as declaracións de baixa no censo ou padrón da taxa e surtirán efectos no período natural seguinte ó de presentación da mesma, podendo, no seu caso, prorratearse por meses. A non presentación da baixa determinará a obriga de continuar aboando a taxa.

#### Disposición Final

A presente ordenanza fiscal, cunha redacción definitiva aprobada polo Pleno da corporación na sesión que tivo lugar na data que se expresa no anexo a esta ordenanza, entrará en vigor o día 1 de xaneiro de 1999.

Por cada metro linea .....1500.- Pts.  
 Segundo.-Data de aprobación: 23 de Outubro de 1.998.

**SALCEDA DE CASELAS**

Primeiro.- Tarifa

A tarifa que se aplicará para esta Tasa, será a seguinte:

CONCEPTO	PESETAS.-
a) Reserva para taxis, con parada na vía pública o ano .....	3.300 ptas
b) Entrada de vehiculos a garaxes ou locais de particulares, con un maximo de cinco metros, o ano .....	5.500 ptas.

Segundo.- Data de aprobación: 23 de outubro de 1998

**SALVATERRA DE MIÑO**

Primeiro.- Tarifa:

- Por reserva da vía pública para aparcamento .....1.500 Pts/ano

Segundo.- Data de aprobación: 13 de outubro de 1998

**SOUTOMAIOR**

Primeiro. Tarifa.

**GARAXES:**

a) Ata 3 ml. de reserva de entrada.....	2.575 Ptas/ano.
b) Por cada ml. ademáis dos anteriores.....	1.350 Ptas/ano.

**OUTROS:**

a) Talleres de reparación de carruaxes de toda clase, e que non se adiquen a garaxe público.....	5.150 Ptas/ano.
b) Por reserva de vía pública para aparcamento ex- clusivo de carga e descarga de mercancías .....	415 Ptas/m <sup>2</sup> /ano.

Segundo. Data de aprobación: 1 de outubro de 1998

**TOMIÑO**

Primeiro. Tarifa.

**CONCEPTOS**

CONCEPTOS	PESETAS
- Por m/l de establecimiento comercial pts/año.....	3.000
- Por m/l para entradas a vivendas o garaxe pts/año.....	1.500

Segundo. Data de aprobación:3 de outubro de 1998

**VILA DE CRUCES**

Primeiro.- TARIFAS:

TARIFA A): PASO A TRAVÉS DO DOMINIO PÚBLICO (Ptas/Año).

**ZONAS**

Epígrafe I: Sen modificación de rasante.....	1.2.3.P	4.5. N
1.a.- Garaxes de uso particular ou público con capacidade para 20 ou menos vehiculos .....	830	80
1.b.- Garaxes de uso particular ou público con capacidade entre 21 e 40 vehiculos .....	870	90
1.a.- Garaxes de uso particular ou público con capacidade para 41 e 60 vehiculos .....	910	100
1.a.- Garaxes de uso particular ou público con capacidade para 61 e 80 vehiculos.....	960	110
1.a.- Garaxes de uso particular ou público con capacidade superior a 80 vehiculos.....	1.010	120

**ZONAS**

Epígrafe II: Con modificación de rasante.....	1.2.3.P	4.5. N
1.a.- Garaxes de uso particular ou público con capacidade para 20 ou menos vehiculos.....	870	90
1.b.- Garaxes de uso particular ou público con capacidade entre 21 e 40 vehiculos .....	90	100
1.a.- Garaxes de uso particular ou público con capacidade para 41 e 60 vehiculos .....	960	110
1.a.- Garaxes de uso particular ou público con capacidade para 61 e 80 vehiculos.....	1.010	120
1.a.- Garaxes de uso particular ou público con capacidade superior a 80 vehiculos.....	1.060	130

NOTA: Se ademáis se produce unha reserva privativa da praza frente ó acceso (Vado Permanente), agregarase a DÉ-  
 CIMA PARTE DA TARIFA B, dacordo co tipo de vehículo de que se trate.

TARIFA B):RESERVAS DE UTILIZACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO (Ptas/Año).

Epígrafe único:	ZONAS	
	1.2.3.P	4.5. N
2.a.- Reservas permanentes para vehiculos grandes (autobuses, camiões, etc.) .....	13.629	1.353

Segundo.- DATA DE APROBACIÓN: 22 de outubro de 1998